

PLAN
DE
IGUALDADE

C.E.I.P

LUÍS

PIMENTEL

INDICE:

Contenido

INTRODUCCIÓN	3
CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.....	5
Normativa:.....	5
Centro.....	6
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA.....	6
OBJECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTES TEMAS.	7
Estereotipos e roles de xénero	7
Linguaxe inclusivo	8
Uso equilibrado de espazos e tempos	8
Materiais didácticos inclusivos.....	9
O centro, espazo de relación, espazo de paz.	9
MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS.....	10
Organización do centro	10
Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores.....	11
Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.....	11
<i>Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.</i>	11
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	12

INTRODUCCIÓN

Educar é proporcionar unha formación integral que lle permita ao alumnado unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuizos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables,

Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuizos e estereotipos.

Durante o curso 2018/2019 elaboráronse as NOFC do centro, documento de obrigado cumprimento por parte de todos e cada un dos sectores da comunidade educativa. As

normas de convivencia que aparecen en dito documento teñen como obxectivo fomentar o respecto mutuo, a tolerancia e a mellora das relacións entre os membros da comunidade educativa.

O noso centro asume como obxectivo a Coeducación como ferramenta que permite combater as situacións de desigualdade e discriminación de xénero presentes no ámbito educativo e na sociedade en xeral, entendendo que a igualdade é un traballo de todos e todas e que nos incumbe a todos e a todas e en todo lugar e tempo escolar.

O noso compromiso conleva asumir os seguintes principios orientadores:

1. Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
2. Adecuar e respectar a normativa aplicable en materias de educación e igualdade tanto a nivel nacional como autonómico.
3. Activar os protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
4. Revisar os distintos plans do centro para a concreción dos obxectivos coeducativos.
5. Difundir os obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
6. Definir as medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
7. Concreción dos contidos dunha educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
8. Promover unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
9. Realizar actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).
10. Presenza da coeducación como marca de identidade do proxecto educativo.
11. Adaptarnos ás necesidades reais do noso centro e obedecer aos criterios de eficiencia.
12. Participar en Plans de formación permanente do profesorado onde se traballe de maneira directa ou transversal a perspectiva de xénero...
13. Avaliación e seguimento do Plan de Igualdade.



CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

Normativa:

- Constitución española de 1978.
- Declaración universal sobre dereitos humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- Directiva 200/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000.
- Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- Principios de Yogyakarta.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Centro

- 1.1.1 Incluir obxectivos coeducativos concretos na elaboración do Plan de convivencia.
- 1.1.2 Revisar os obxectivos coeducativos concretos no Plan de acción tutorial .
- 1.1.3 Nas NOF está contemplada a erradicación de prexuízos sexistas.
- 1.1.4 Concreción de obxectivos coeducativos concretos na revisión e elaboración do Proxecto educativo.

ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA

LGBTIfobia

É imprescindible para coñecer a situación do centro en relación á igualdade entre homes e mulleres facer un diagnóstico do mesmo. Para levar a cabo un diagnóstico é necesario observar e analizar o centro no seu conxunto.

Do resultado da **observación directa** pode dicirse que non se detectan situación de desequilibrio acusadas.

- 1.2 Téndese á paridade, na medida do posible, na representación do profesorado nos distintos órganos de decisión (dun total de 47 profesores/as, só hai 3 profesores). Así, nos representantes dos equipos de dinamización dáse a paridade
- 1.3 Nas NOF figura entre os criterios para a distribución do alumnado a paridade de nenos e nenas.
- 1.4 No rexistro de condutas contrarias á convivencia.hai equilibrio entre nenos e nenas.
- 1.5 Dáse unha situación de desequilibrio no uso de espazos escolares e extraescolares. Este curso vaise desenvolver un grupo de traballo sobre “os patios inclusivos”como medida para superar dito desequilibrio.
- 1.6 Nos resultados académicos tampouco se aprecian grandes diferenzas entre nenos e nenas.
- 1.7 A nivel familiar, son as nais as que acoden ás reunión de titoría, excepcionalmente algún pai, ben só ou acompañado.

Tendo en conta os resultados desta observación, os estereotipos sobre xénero, mantéñense nunhas cifras inferiores ás de hai anos.

Esta táboa permíte analizar a situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia de forma máis precisa.

ASPECTOS A DIAGNOSTICAR	FERRAMENTAS
Características do centro	Fichas de distribución por sexos da comunidade educativa. Fichas dos resultados académicos por sexo. Fichas de absentismo por sexo.
Linguaxe sexista	Fichas de linguaxe escrito. Fichas de linguaxe oral + grabación soporte audiovisual.
Usos de espazos e tempos	Fichas de observación do patio e das áreas deportivas. Cuestionarios ao alumnado, profesorado e familias.
Material didáctico	Ficha de observación de actividades representadas. Ficha de actitudes asumidas. Ficha de roles representados. Ficha de análise da linguaxe.
Actitudes e valores de profesorado, alumnado e familias sobre igualdade.	Cuestionarios a profesorado, alumnado e familias.
Situacións de discriminación e violencia.	Cuestionarios a profesorado, alumnado e familias. Fichas de observación.

OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS.

Estereotipos e roles de xénero

- 1.7.1 Educar desde a igualdade, na diferenza, facendo entender que as diferenzas de sexo non condicionan as capacidades das persoas.
- 1.7.2 Poñer en alza valores tradicionalmente femininos como a cooperación, o apoio ás persoas, etc, á vez que deixan de sobrevalorarse outras actitudes tradicionalmente masculinas e que en determinadas ocasións son negativas: a competitividade, a violencia e agresividade, etc.
- 1.7.3 Potenciar un desenvolvemento do alumnado libre de estereotipos e roles de xénero, evitando reproducir estes durante a actividade docente.

- 1.7.4 Valorar un desenvolvemento do alumnado libre de estereotipos e roles de xénero, evitando reproducir estes durante a actividade docente.

Linguaxe inclusivo

- 1.7.5 Concienciar sobre o uso xeneralizado da linguaxe sexista na sociedade
- 1.7.6 Sensibilizar sobre as consecuencias do uso da linguaxe sexista.
- 1.7.7 Fomentar formas de expresión que fagan uso dunha linguaxe inclusiva.
- 1.7.8 Poñer especial atención no uso da linguaxe non sexista non únicamente dentro das aulas, senón tamén en espazos comúns e na linguaxe utilizada na documentación elaborada polo centro, recoñecendo, para iso, a necesidade de que as alumnas sentan recoñecidas na linguaxe usada.
- 1.7.9 Expresar as mensaxes, tanto orais como escritas que vaian dirixidos á comunidade educativa en linguaxe neutra que represente a ambos sexos.

Uso equilibrado de espazos e tempos

- 1.7.10 Incorporar o principio de igualdade no funcionamento do centro, en especial no regulamento de funcionamento interno do mesmo
- 1.7.11 Readaptar a organización do centro para levar a cabo unha implantación da Educación en Igualdade dunha maneira eficaz
- 1.7.12 Fomentar a participación por parte de toda a comunidade educativa en actividades realizadas no centro e fóra del (actividades para o día da paz, día do libro, día contra a violencia das mulleres, etc.)
- 1.7.13 Promocionar que a participación en actividades voluntarias do centro non se leve a cabo en función do sexo, expondo actividades que motiven tanto a alumnos como a alumnas).
- 1.7.14 Visibilizar a presenza e achega das mulleres en espazos e actuacións propias do centro (cartelería e outro tipo de sinalización, exposicións, actividades, días conmemorativos, festas, etc.)

- 1.7.15 Promocionar actividades físico-deportivas que requiran a participación conxunta de alumnos e alumnas.
- 1.7.16 Fomentar a participación das alumnas en actividades físico-deportivas colectivas organizadas evitando o abandono temperán das mesmas.
- 1.7.17 Valorar do mesmo xeito as actividades derivadas da esfera pública e aquelas derivadas da esfera privada.

Materiais didácticos inclusivos.

- 1.7.18 Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes no proxecto educativo de centro e especialmente nos contidos do currículo (tanto formal como oculto).
- 1.7.19 Seleccionar libros de texto e outros materiais didácticos en función de criterios que respecten o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fomentando o uso de todos aqueles materiais que sexan de tipo inclusivo, libres de sexismo.
- 1.7.20 Visibilizar ás mulleres ilustres nos contidos didácticos, nomeándoas e poñendo en valor a súa figura en igualdade de condicións aos homes.
- 1.7.21 Incorporar ao currículo aqueles contidos e saberes relacionados co ámbito privado, de modo que sexan coñecidos tanto por alumnos como por alumnas.

O centro, espazo de relación, espazo de paz.

- 1.7.22 Crear unha metodoloxía pedagóxica que favoreza a a interrelación entre alumnos e alumnas e que estea baseada no respecto á diferenza.
- 1.7.23 Motivar e dinamizar ao grupo sobre a violencia de xénero de modo que se preveñan este tipo de actuacións. Non permitir que o alumnado utilice expresións, comportamentos e actitudes violentas.
- 1.7.24 Xerar espazos e situación de diálogo e interrelación onde prime a participación do alumnado.
- 1.7.25 Propoñer estratexias de resolución de conflitos non violentas.

1.7.26 Fomentar as actividades deportivas de carácter non competitivo e nas que a participación de alumnas e alumnos realícese de maneira conxunta.

1.7.27 Establecer protocolos de actuación no caso que se dean situacións de acoso escolar ou outras formas de violencia relacionadas co xénero. É aconsellable que o alumnado, profesorado e familias participen na definición dos protocolos.

MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUENTES ÁMBITOS.

Organización do centro

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo...)
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero...
- Revisar o material didáctico empregado na aula: valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe...

Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á Diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas...

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente...
- Promover o respecto cara á Diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

MEDIDAS	INDICADORES	OBXECTIVO
Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.	Nº de acción realizadas.	4.1.1 4.2.1
Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.	Creado: si/ non	4.1.1 4.3.1
Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade.	Difusión:indicar como.	4.3.3 4.2.5
Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.	Nº de acción realizadas. Nº de profesorado participante. Nº de alumnado participante. Nº de familias participantes.	4.1.1 4.1..2 4..1.3
Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.	Revisión documentos centro:si/non Revisión programación:si/non Nº de materiais revisados por curso:	4.2.1
Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.	Nº de entidades:	4.2.2 4.2.3 4.2.4 4.2.5
Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo...)	Nº de actividades creadas	4.3.8
Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.	Nº de actividades concretadas.	4.1.1
Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero	Elaboradas. Si/non Revisada: si/non	4.1.3 4.2.1 4.1.4 4.2.2
Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero...	Nº de materias revisadas por curso.	4.2.1 4.2,1
Revisar o material didáctico empregado na aula: valores, normas, representacións, selección dos contidos,	Nº de materiais revisados por curso.	4.2.1 4.2.2

dos personaxes, das imaxes, da linguaxe...		
Difundir información a través dun taboleiro no centro.	Difusión:si/non Nº de publicacións.	4.1.1 4.2.5 4.3.1 4.3.3
Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.	Nº de lecturas por curso. Nº de lectores . Nº de lectoras.	4.4.2 4.4.3
Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.	Nº de contidos revisados por curso.	4.4.2 4.4.1
Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.	Nº de revisiones por curso.	4.3.8
Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.	Empregados:si/non.	4.4.2 4.4.3
Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.	Xestionado:si/non	4.3.2 4.5.4
Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.	Espazos promovidos:si/non	4.3.2
Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas...	Nº de accións realizadas.	4.3.6 4.3.7
Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.	Nº de accións realizadas.	4.1.1 4.1.2
Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente...	Nº de accións realizadas.	4.1.1
Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.	Nº de accións realizadas.	4.4.1 4.5.2
Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.	Nº de accións realizadas.	4.1.1 4.1.3 4.3.1
Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.	Nº de accións realizadas.	4.3.3 4.3.8